


A literatura popular galega e o Día das Letras

A Real Academia Galega (RAG) acaba de escoller o cancionero tradicional galego como motivo de celebración do Día das Letras para o próximo ano 2025, pondo en destaque a figura da muller como principal creadora e transmisora deste tipo de manifestación artística. Con efecto, Prudencia Garrido, Asunción Garrido, Manuela Lema (pandereteiras de Mens, en Malpica de Bergantiños), Eva Castiñeira (natural de Muxía e asentada na Coruña), Adolfin Casás e Rosa Casás (pandereteiras de Cerceda) singularizan nesta ocasión a conservación e proxección até aos nosos días dese representativo legado. Todas elas pertencen á rexión da Costa da Morte, terra en que, xunto ás serras orientais do país, o canto e as afinacións conservaron trazos de marcado arcaísmo, practicamente desaparecidos no resto do continente europeo.

A este respecto, e sen queremos criticar as seis cantareiras de Bergantiños-Fisterra, a RAG debería ter en conta o facto de noutras partes da nación haber moitas máis mulleres que fixeron parte dese patrimonio. É o caso, por pormos algún exemplo, de Elena Refoxo (Toutón, O Condado), cuxo saber inspirou a gravación dun fermoso traballo discográfico intitulado *As cantigas de Elena* (Pipo Alvariño & María Vidal & Myriam González, 2018) que inclúe seis cortes interpretados pola propia Elena e remasterizados para a ocasión. Tampouco houbo oportunidade de lembrar as músicas cegas ambulantes,



como a Pachacha de Mondoñedo, que chegou a ser contratada en varias localidades españolas e en aldeas e vilas do norte de Portugal; durante a segunda metade do século XIX, a invidente mindoniense recitaba e cantaba acompañada polo seu violino, probabelmente executando a coñecida como “primeira posición”, propia da música tradicional de certas partes da Europa, cal Irlanda ou Escocia. A RAG tamén se non lembrou de Dolores Gómez Lago, ‘A cega de Miranda’, habitual nas romarías e feiras de Castroverde até ao Cebreiro no ecuador do século XX, que tamén organizaría tonal e melodicamente o seu repertorio a partir da antecitada “primeira posición”.

A consideración da poesía tradicional e das mulleres como as súas principais transmisoras xa vén de antigo e tamén non representa unha novidade entre as actividades da nosa AC Alexandre Bóveda: para alén doutros proxectos e eventos, lembramos a tal propósito o *Caderno Sermos Bóveda nº 2*, intitulado [*Música tradicional. Moito máis que a memoria do país*](#) e distribuído co semanario *Sermos Galiza* (nº 313). Do punto de vista histórico, as primeiras recollidas de poesía popular corresponden aos ilustrados do século XVIII, nomeadamente ao Padre Sarmiento (1695-1772) e ao Padre Sobreira (1746-1805). O primeiro, que tamén foi bandeirante na defensa e reivindicación da lingua e no seu estudo lexicográfico e etimolóxico, dicía, en certa harmonía coa Festa das Letras do ano 2025, que en cada muller da Galiza habitaba unha verdadeira poeta. E a mesma ou parecida impresión sería a que manifestarían un século máis tarde Augusto González Besada (1865-1919) ou Manuel Murguía (1833-1923), autores que ficaron fascinados pola figura feminina como creadora e legataria de poemas e cantos tradicionais e pola propia poesía popular. Neste sentido, o pobo galego pode estar ben orgulloso da cantidade e da calidade desta tipoloxía de literatura, cuantitativamente abrumadora: calcúlase que hai uns 30.000 textos

que así fose colixido. Nótese a este respecto que xa un estudioso como José Pérez Ballesteros (1833-1918), un dos fundadores en 1881 da sociedade “El Folk-lore Gallego”, deixaba constancia no seu *Cancionero popular gallego* (1885-1886) da foraneidade gratuíta de palabras, expresións e até versos enteiros que abrasaban os cantares que el foi coleccionando desde 1850. E repárese, igualmente, en que esta percepción xa se tiña na segunda metade do século XIX. A pregunta, por tanto, podería ser así formulada para a nosa época: non se avanzou nada desde aquela? Se os eruditos oitocentistas se preocupaban por esa mestura de balde entre o galego e o español no canto e poesía tradicionais, debemos nós, os galegos e as galegas da actualidade, aplaudirmos e defendermos esas mostras de interferencia? Hai formacións folclóricas cuxos membros se cobren co traxe tradicional e se converten en “galegos/as enxebres” durante unhas horas para cantaren maioritariamente en español.

Agardamos que este ano de celebración literaria e cultural contribúa para reflectir nestas temáticas. Aínda que houbese autores e autoras da Galiza que escribiron tamén en español, a súa celebración no Día das Letras centrouse na obra en galego, non na súa produción en castelán. Subsecuentemente, desexamos que todas as entidades do mundo folque e tradicional reflectan en que pouco ou nada contribúen para a dignificación da lingua e da literatura galegas, mesmo na esfera da poesía popular, se persistiren en hibridizar a lingua coa española e se tencionaren denominar iso como “canto tradicional galego”.